



**Colexio de "La Inmaculada"**

Amado Garra Nº 2

Teléfono/Fax 986 64 00 65

36860 Ponteareas

[www.colexioinmaculada.com](http://www.colexioinmaculada.com)

[cpr.lainmaculada.ponteareas@edu.xunta.com](mailto:cpr.lainmaculada.ponteareas@edu.xunta.com)

## **¿QUE É O CIBERBULLING?**



**GUÍA DIRIXIDA ÁS FAMILIAS  
COLEXIO "LA INMACULADA"  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CURSO ACADÉMICO 2014-2015**

## **¿Que se entende por cyberbulling?**

(GUIA PARA AS FAMILIAS)

É o uso dos métodos telemáticos ( internet, telefonía móbil, videoxogos conectados on line,...) para exercer-lo acoso psicolóxico entre iguais. Exclúese o acoso ou abuso de índole estrictamente sexual e os casos nos que interveñen persoas adultas.

## **¿Ten que ver algo o cyberbulling co bulling ou acoso escolar?**

En ambas modalidades de acoso dase un abuso entre iguais, pero pouco máis teñen en común na maioría dos casos. O cyberbulling pode ter outras causas, manifestase de formas moi diversas e as súas estratexias de abordaxe e consecuencias tamén difiren.

Acontece, en moitas ocasións, que o bulling é seguido do cyberbulling, e con menos frecuencia, que o cyberbulling desemboque nunha situación de bulling.

## **¿Cómo se manifesta o cyberbulling?**

As formas que adopta son moi variadas e soamente atópanse limitadas pola pericia tecnolóxica e a imaxinaion dos menores acosadores.Vexamos algún exemplos concretos:

- Colgar en Internet unha imaxe comprometida (real ou trucada) ou datos que poden perxudicar ou avergonzar á vítima e dalo a coñecer no seu entorno de relacións.
- Dar de alta á vítima con foto incluída, nun sitio web onde se elixe á perso máis fea, ´máis repelente,...e cargarlle de votos para que apareza nos primeiros lugares.
- Crear un perfil ou espazo falso en nome da vítima, onde esta comparta intimidades, realice demandas explícitas de contactos sexuais, etc.
- Deixar comentarios ofensivos en foros ou participar agresivamente en chats facéndose pasar pola vítima, de maneira que as reaccións adversas vaian dirixidas a quen sufríu a usurpación da súa personalidade.
- Dar de alta en determinados sitios a dirección de correo electrónico da persoa acosada para que sexa vítima de contactos con descoñecidos, etc.
- Roubar a súa clave de correo electrónico para ler os mensaxes que lle chegan ao seu buzón, violando a súa intimidade, e impedir que o seu lexítimo propietario o consulte.

- Provocar á vítima en servicios web quedispoñen dunha persoa que vixía ou modera o que alí acontece (chats, xogos on-line, comunidades virtuais, etc...) para acadar unha reacción violenta que, unha vez denunciada, supoña a exclusión de quen non é senón unha vítima.
- Por en circulación rumores acerca dun comportamento reprochable, ofensivo ou desleal, por parte da vítima, de modo que sexan outras persoas, quienes sin poner en dúbida o que len, exerzan acción de represións ou acoso.
- Enviar mensaxes amenazantes por e-mail, SMS ou Wasap.
- Perseguir e acechar á vítima nos lugares de internet nos que se relaciona de maneira habitual, provocándolle estrés.

## **Ciberbullying: Un fenómeno en crecemento**

### **ALTA DISPONIBILIDADE**

As novas tecnoloxías (Internet, móbil,...) están cada vez máis presentes na vida dos menores. Isto facilita que o acoso se poida perpetrar desde calquera lugar e momento, sen necesidade de que abusón e vítima coincidan nin no espazo nin no tempo.

### **IMPORTANCIA EN AUMENTO**

O "Ciberespacio" ten cda vez máis peso na socialización dos nosos menores. Por iso, un acoso neste mundo pode chegar a ser tan traumático ou máis que unha situación de abuso no centro escolar.

### **MENOR PERCEPCIÓN DO DANO CAUSADO**

Cando o abuso prodúcese de maneira tradicional, vítima e acosador coñecense, están preto ou incluso cara a cara, de maneira que tanto o que abusa como o grupo de testemuñas asisten de maneira directa ás consecuencias do acoso. Nos casos de cyberbullying isto non é así, polo que a remisión da actitude acosadora ou a intervención defensiva dos testigos é improbable.

### **MAIOR NÚMERO DE CANDIDATOS**

A vítima non ten porque ser un compañeiro de clase ou unha veciña. Pode ser calquera persoa á que cheguemos por medio de internet, o móbil ou os videoxogos. Quen abusa non ten porque ser forte, valiente, contar co beneplácido do grupo ou estar protexido por terceiros. Neste contexto, que esixe, tan poucas condicións ás partes intervintes, as posibilidades son múltiples.

### **SENSACIÓN DE IMPUNIDADE**

Detrás do ordenador ou do móbil, quen acosa ten sensación de anonimato, o que non é de todo certo. Ademais, aínda que descubra a súa identidade, non é frecuente que haxa de enfrentarse ás consecuencias, xa proveñan da vítima, os seus compañeiros ou amigos, os responsables escolares, a súa nai ou o seu pai.

### **ADOPCIÓN DE ROLES E ACTITUDES ACEPTADAS**

En ocasións, o abuso prodúcese coma un xogo no que o quen acosa non é consciente do dano que fai. Outras veces, acontece que nin sequera se plantexa as consecuencias da súa acción, xa que esta atribúese a un personaxe ou rol que é interpretado na rede. Isto fai máis difícil que o acosador se recoñeza no seu papel e o abandone.

### **CARACTERÍSTICAS PROPICIAS DE INTERNET**

O fácil agrupamento de hostigadores-sexan coñecidos ou non-a quienes pódese pedir colaboración de maneira rápida, así como a cómoda reprodución e distribución de contidos audiovisuais son outros factores, que en certos casos, resultan determinantes para que xurda ou se consolide unha situación de ciberacoso.

### **MEDO Á PERDA DE PERMISO DE USO**

En ocasións, quen son acosados non piden axuda porque temen que ao confesarse "metidos en problemas" se lles limite ou retire o emprego de internet, o teléfono móbil ou os videoxogos.

## **Consellos para os menores**

- Sé moi coidadoso cos datos persoais: nome, teléfono, dirección, fotografías, centro escolar, ... non os proporciones. Canto menos sepan dun mellor. Reflexiona sobre o que expóns abertamente en chats ou incluso nas salas privadas, xa que poden ser pistas que outros empreguen para obter os teus datos. Emprega sempre apodos e nomes figurado
- Presta especial atención á etiqueta (reglas de comportamento en internet como saudar, empregar emoticonos para expresar estados de ánimo, non escribir en maiúsculas, ...). Ademais hai que considerar que os interlocutores poden ter outra cultura, outro contexto social ou malinterpretar as nosas palabras. Si se produce un malentendido, trata de aclaralo con cortesía.
- Nunca debes responder a unha provocación e moito menos se estás enfadado/a. É mellor calmarse antes. Si contar ata 10 non te vale, fai algo que te entreteña durante uns minutos antes de volver a sentarte diante do ordenador. Respostar

suele ser a maior alegría que lle podes dar ao ciberabusón e un paso cara ao agravamento do problema.

- Cando ameaza ou o acoso persiste, é recomendable gardar probas do acontecido (aínda que non teña validez legal, garda ou imprime a mensaxe ou o que apareza na pantalla), pecha a conexión e pide axuda a unha persoa adulta.
- En previsión de que haxan podido publicar on line información sobre ti, podes empregar google para buscar os teus datos (nome, apodo,...) e ver se hai algo na rede que faña referencia a túa persoa.

## **Consellos para as persoas adultas**

- Transmíta aos menores a confianza suficiente como para que busquen axuda en vostede.
- Non reaccione de maneira brusca, porque iso non axuda a melloralas cousas. Primeiro apoie ao menor, de maneira que remita a súa angustia e logo xa chegará o momento de emprender accións
- Preste atención a gravidade e frecuencia do acoso, par tratar de calibrar a súa magnitude. Cando se dan ameazas de dano físico directo, o tema debe tomarse moi en serio, máxime se nos consta que o que ameaza dispón de información precisa sobre o/a menor, como a dirección do domicilio ou centro escolar. Nestes casos hai que recurrir á policía.